

ESCRITO SOBRE O VENTO

Douglas Sirk, 1956

1628

ESTREA EN NUMAX: 04.11.2025 | V.O.S.E. | 99 min

Kile Hadley, un magnate do petróleo, e Mitch Wayne, o seu mellor amigo e empregado, namoran da mesma muller: a secretaria Lucy Moore. Kile, que é un acólico irresponsable, casa con ela, aínda que Mitch está convencido de que con esta voda Lucy comete un grande erro. Ao cabo dun ano, contra todo prognóstico, Kyle parece un home novo: deixou de beber e presta máis atención aos seus negocios.



As pegadas da desesperación humana

Por Rainer Werner Fassbinder

Escrito sobre o vento é a historia dunha familia inmensamente rica. Robert Stack interpreta o fillo que nunca conseguiu igualar o seu amigo, Rock Hudson. Robert Stack sabe gastar o seu diñeiro: conduce aeroplanos, conquista mozas, bebe; Rock Hudson é o seu compañeiro permanente. Pero non son felices. As súas vidas están desprovistas de amor. Entón coñecen a Lauren Bacall. Evidentemente, é diferente de todas as demais mulleres: gáñase a vida, ten sentido práctico, é tenra e comprensiva. Con todo, escolle ao malo, Robert, mentres que o bo, Rock, conviríalle máis.

Dorothy Malone, a irmá, é a única que ama a quen debe, é dicir, a Rock Hudson, e é fiel a este amor, o cal é absolutamente ridículo. Só pode ser ridículo cando todos os demais pensan que os seus sucedáneos de accións son a realidade: é moi evidente que o que lle ocorre a ela é que descoñece a realidade. Lauren Bacall é un substitutivo para Robert Stack, xa que non pode ignorar que nunca será capaz de amala e viceversa. E o pai ten na man un pozo de petróleo que parece un substitutivo do pene. E cando ao final Dorothy Malone, única sobrevivente da familia, ten este pene, é tan lamentable como a televisión que lle regalan a Jane Wyman en Nadal n' *O que o ceo permite*. Agardo que isto non funcione e que vire tola como Marianne Koch en *Interludio de amor* (1956).

Paréceme que para Douglas Sirk a tolemia é un signo de esperanza. En todo caso, en *Escrito sobre o vento*, Rock Hudson é o maior testán da creación. Como non se dá conta do desexo que Dorothy Malone sente por el? Ofréceselle, persegue aos homes que vagamente se lle parecen... Mentres Dorothy baila na súa habitación a danza dun cadáver -quizá neste momento comeza a súa tolemia- o seu pai morre. Morre porque é culpable. Entre os seus verdadeiros fillos sempre se mantivo a opinión de que Rock Hudson vale máis que eles, ata que acaba por ser verdade.

Porque Robert non ama a Lauren, quere un fillo dela. Ou porque nunca tivo a ocasión de lograr nada e polo menos quere procrear. Pero os seus esforzos revelan unha debilidade fatal. Robert volve beber. Dorothy comete unha mala acción: pon ao seu irmán en contra de Lauren e Rock. Por isto non deixa de gustarme, gústame como me gustaron poucos personaxes cinematográficos. Eu, espectador, sigo con Douglas Sirk as pegadas da desesperación humana. En *Escrito sobre o vento*, os bos, os normais, os perfectos, sempre resultan profundamente indignantes; os malos, os débiles, os disolutos, suscitan a compaixón. Incluso os que manipulan aos bos.

E unha vez máis, temos a mansión onde ocorre todo isto. Rexida, por dicilo dalgunha maneira, por unha inmensa escaleira. E os espellos. E as flores perennes. E o ouro. E o frío. A casa que un construíría se tivese moito diñeiro. Unha casa con todos os accesorios que implica a auténtica riqueza e onde un non pode sentirse a gusto. As emocións humanas considéranse a flor máis estraña na casa que Douglas Sirk construíu para os Hadley. A iluminación de Sirk sempre é o menos natural posible. A presenza de sombras onde non deben fai plausibles certos sentimentos que se tende a non considerar verosímiles. Os encadres son case sempre son inclinados, xeralmente tomados desde abaixo, de modo que o estraño fica impreso na pantalla e non só na mente do espectador. O cinema de Douglas Sirk libera a mente.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Tiempo de vivir, tiempo de revivir,
Antonio Drove.
Athenaica